

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**17837** *Real decreto 1616/2011, do 14 de novembro, polo que se regula o seguro dos propietarios dos buques civís para reclamacións de dereito marítimo.*

O artigo 254 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, establece que as empresas navieiras españolas estarán obrigadas a ter asegurada a responsabilidade civil en que poidan incurrir no curso das explotacións do seus buques mercantes, nos termos que regulamentariamente determine o Goberno, de acordo coas coberturas usuais deste ramo no mercado internacional.

De acordo co parágrafo terceiro do citado artigo, a regulación a que se fixo referencia poderá exixir que os buques mercantes estranxeiros que naveguen pola zona económica exclusiva, a zona contigua, o mar territorial ou augas interiores marítimas españolas teñan asegurada a responsabilidade que poida derivar da súa navegación e o alcance desa cobertura.

A Directiva 2009/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao seguro dos propietarios dos buques para as reclamacións de dereito marítimo, establece a obrigatoriedade dos Estados membros da Unión Europea para exixiren aos propietarios dos buques mercantes que enarboren o seu pavillón, que teñan contratado un seguro que cubra eses buques, así como que exixan o seguro aos propietarios de buques mercantes que enarboren pavillón distinto do seu propio, cando entren nun porto baixo xurisdición dos Estados membros.

Ben que boa parte da frota mercante española está cuberta por seguros de responsabilidade para facer fronte ás reclamacións de dereito marítimo, o certo é que resulta necesario proceder á promulgación dunha norma adecuada que regule esta materia, en transposición e aplicación da directiva citada.

Doutra parte, a citada directiva é tamén de aplicación a todos os buques civís de arqueo bruto igual ou superior a 300 toneladas, o que obriga a que todos os buques pesqueiros e de lecer da frota civil española cun arqueo igual ou superior ao mencionado deban contar coa cobertura dun seguro.

En cumprimento do mandado obxecto da Directiva 2009/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, anteriormente citado, e de acordo co disposto no artigo 254 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, procedeuse á elaboración deste real decreto, unha vez consideradas as alegacións formuladas polos entes sociais máis representativos do sector marítimo e o informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Economía e Facenda.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer e regular a cobertura da responsabilidade de que deben dispor os propietarios dos buques civís para cubrir as reclamacións de dereito marítimo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste real decreto é de aplicación aos propietarios dos buques civís cun arqueo igual ou superior a 300 toneladas de rexistro bruto que enarboren pavillón español.

2. Así mesmo, o disposto neste real decreto será aplicable aos propietarios de buques civís estranxeiros de arqueo igual ou o superior a 300 toneladas de rexistro bruto cando os seus buques entren nun porto español ou cando, de conformidade co dereito internacional, se encontren navegando no mar territorial do Estado español.

#### Artigo 3. *Excepcións.*

O disposto neste real decreto non será de aplicación aos buques de guerra nacionais ou estranxeiros, ás unidades navais auxiliares ou a outros buques que, sendo propiedade dun Estado ou estando ao seu servizo, presten unicamente servizos públicos que non teñan carácter comercial.

#### Artigo 4. *Definicións.*

Para efectos do disposto neste real decreto entenderase por:

a) Propietario do buque: o propietario inscrito dun buque civil de navegación marítima ou calquera outra persoa, como o fretador a casco nu, que sexa responsable da explotación do buque.

b) Seguro: un seguro de indemnización, con ou sen franquía, do tipo que facilitan actualmente os membros do Grupo Internacional de Clubs de Protección e Indemnización (P&I) ou outras formas efectivas de seguro, incluído o autoseguro demostrado e de garantía financeira, que ofrezan condicións similares de cobertura.

c) Convenio de 1996: o texto consolidado do Convenio de 1976 sobre limitación da responsabilidade nacida de reclamacións de dereito marítimo, adoptado pola Organización Marítima Internacional (OMI), na súa versión modificada polo Protocolo de 1996 ou por outras modificacións consolidadas que se produzan no futuro.

#### Artigo 5. *Cobertura contra reclamacións de dereito marítimo.*

1. Os propietarios de buques civís que enarboren pavillón español, dun arqueo bruto igual ou o superior a 300 toneladas, deberán subscribir un seguro ou outra garantía financeira que cubra eses buques fronte a calquera reclamación en materia de dereito marítimo.

O dito seguro ou garantía financeira será, así mesmo, exigible aos propietarios dos buques civís de arqueo bruto igual ou superior a 300 toneladas que enarboren pavillón da Unión Europea ou de países terceiros cando, de conformidade co dereito internacional, accedan a un porto español ou desde o momento en que se encontren navegando polo mar territorial español.

2. Os seguros ou demais garantías financeiras reguladas por este real decreto cubrirán as reclamacións de dereito marítimo suxeitas a limitación, nos termos establecidos polo Convenio de 1996.

O importe do seguro ou garantía financeira será para cada buque civil e por cada incidente igual ao importe máximo que determine a limitación da responsabilidade tal e como se establece no convenio anteriormente citado.

#### Artigo 6. *Certificados de cobertura.*

1. A existencia do seguro ou das garantías financeiras que regula este real decreto deberase demostrar mediante a exhibición dos orixinais ou copia autenticada dos certificados de cobertura subscritos con algunhas das entidades a que se refire o artigo 7 deste real decreto e expedidos por elas, que se deberán levar a bordo dos buques.

2. Os certificados de cobertura deberán incluír como mínimo os seguintes datos:

a) Nome do buque, número OMI cando se trate de buques mercantes e porto de matrícula.

b) Nome e lugar do establecemento principal do propietario do buque.

c) Tipo e duración do seguro ou da garantía financeira subscrita.

d) Nome e lugar do establecemento principal do fornecedor do seguro ou da garantía financeira e do establecemento en que se subscribisen.

3. Os certificados deberán estar redactados en lingua castelá, inglesa ou francesa e, no caso de que se utilizase outra lingua, o certificado ou a súa copia deberán ir acompañados dunha tradución auténtica para unha das tres linguas citadas.

#### Artigo 7. *Entidades subscriptoras.*

Para efectos do previsto no artigo anterior deste real decreto, os seguros e garantías financeiras poderanse subscribir con:

a) Entidades aseguradoras que obtivesen autorización do Ministerio de Economía e Facenda para operaren no ramo 12 (responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais), dos previstos na alínea a) (clasificación dos riscos por ramos) do artigo 6.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobada polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, ou que, estando domiciliadas nun país pertencente ao Espazo Económico Europeo, exerzan a súa actividade en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.

b) Entidades domiciliadas nun país pertencente ao Espazo Económico Europeo distinto a España, autorizadas para operaren no ramo de responsabilidade en vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

c) Sucursais establecidas no Espazo Económico Europeo de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros non membros dese espazo económico, autorizadas para operaren no ramo de responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

d) Clubs de protección e indemnización integrados no Grupo Internacional de Clubs de Protección e Indemnización.

#### Artigo 8. *Control e inspeccións.*

As capitanías marítimas exixirán aos capitáns e patróns dos buques civís nacionais, de países membros da Unión Europea e doutros países, suxeitos ás inspeccións do Estado reitor do porto, a exhibición dos certificados a que se refire o artigo anterior cando entren nun porto español, mediante a presentación dos certificados ou copia auténtica destes.

#### Artigo 9. *Sancións.*

A falta de exhibición dos certificados ou a ausencia dos seguros e garantías financeiras regulados por este real decreto sancionárase como infracción grave das previstas polo artigo 307.2.k) e 307.3.c) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, se for o caso.

#### Artigo 10. *Medidas complementarias.*

No caso de que algún Estado membro da Unión Europea ditase orde de expulsión contra buques que non levasen a bordo o certificado acreditativo da cobertura e notificasen a dita resolución á Administración marítima española, o director xeral da Mariña Mercante, mediante resolución motivada, denegará a entrada dese buque nos portos españois.

A denegación de entrada manterase até o propietario do buque presentar ante a autoridade marítima os certificados.

#### Disposición adicional única. *Réximes non afectados por este real decreto.*

O disposto neste real decreto éo sen prexuízo da plena aplicación e non condiciona os réximes xurídicos establecidos pola normativa que se cita, no suposto de que se achen en vigor para España:

a) Convenio internacional sobre responsabilidade civil por danos causados por contaminación das augas do mar por hidrocarburos, de 1992.

b) Convenio internacional sobre responsabilidade e indemnización de danos en relación co transporte marítimo de substancias nocivas e potencialmente perigosas de 1996 (Convenio SNP).

c) Convenio internacional sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos a contaminación por hidrocarburos para combustible dos buques, de 2001 (Convenio Bunkers 2001).

d) Convenio internacional de Nairobi sobre a remoción de restos de naufraxios de 2007.

e) Regulamento (CE) n.º 392/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, sobre responsabilidade de transportistas de pasaxeiros por mar en caso de accidente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Fomento para ditar as disposicións precisas en desenvolvemento deste real decreto e, en especial, para:

a) Regular o procedemento de expulsión dos buques civís que non leven a bordo o certificado de cobertura do seguro ou garantía financeira equivalente.

b) Establecer, de acordo co dereito internacional, sempre que a densidade do tráfico marítimo, a seguranza marítima e a prevención da contaminación o aconsellaren, un sistema de control sobre buques civís de calquera nacionalidade que naveguen polo mar territorial español, mediante a obriga de que os capitáns e patróns deses buques poñan en coñecemento da capitanía marítima máis próxima ás zonas de acceso que se encontran en posesión dos seguros e garantías exixidos por este real decreto, a través das torres de control da Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de execución.*

Facúltase o director xeral da Mariña Mercante para a execución de cantos actos sexan precisos para cumprir o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico español o disposto pola Directiva 2009/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao seguro dos propietarios dos buques para as reclamacións do dereito marítimo.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución española, polo que se recoñecen ao Estado español as competencias exclusivas en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 31 de decembro de 2011.

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ BLANCO LÓPEZ